

Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural 33. In Situ

# Arquitectura da auga. A situación patrimonial dos balnearios en Galicia

**Mondariz-Balneario**
Martes, 13 de xullo de 2021

Consello da Cultura Galega

In Situ é un ciclo específico dentro dos Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural que organiza anualmente o Consello da Cultura Galega e que se realiza no lugar onde se localiza o elemento patrimonial no que se centra a actividade. Co gallo da elaboración do "Informe sobre a Fonte de Troncoso e a súa situación de emerxencia" por parte do CCG en 2020, a petición da Plataforma SOS Fonte de Troncoso pola situación de abandono que sufría este elemento, obra de Antonio Palacios e parte integrante da arquitectura da auga xerada en Mondariz-Balneario a inicios do século XX, decidimos focalizar un In Situ neste lugar co obxectivo de analizar a problemática patrimonial e de conservación que teñen moitos destes balnearios en Galicia e cales son algunhas das solucións que se veñen adoptando para a súa recuperación e posta en valor.

Os balnearios e a arquitectura do termalismo, aínda que teñen unha fonda tradición na nosa comunidade, contaron cunha etapa de esplendor nas primeiras décadas do século XX que supuxo, entre outras cuestións, a realización dunha arquitectura específica para a auga, moi característica daquel momento histórico e que hoxe esmorece en moitos lugares da nosa xeografía.

Neste In Situ queremos reflexionar arredor da situación patrimonial que teñen na actualidade estes espazos, revisando varios exemplos diferentes na súa xestión e recuperación.

# Programa

16:00 horas
Presentación
**Rosario Álvarez**, presidenta do CCG
**José Antonio Lorenzo Rodríguez**, alcalde de Mondariz-Balneario
**Rebeca Blanco Rotea**, coordinadora do encontro

16:15 horas
*O termalismo en Galicia: unha mirada histórica*
**Silvia González Soutelo**, doutora en Arqueoloxía, Universidad Autónoma de Madrid

16:45 horas
*A arquitectura da auga de Mondariz-Balneario e a súa situación patrimonial*
**Alberte Reboreda**, arqueólogo

17:15 horas
*A recuperación dos balnearios en Verín: unha proposta patrimonial*
**Xerardo Seoane Fidalgo**, arquitecto, alcalde de Verín

17:45 horas
*A posta en valor do termalismo en Cortegada*
**Avelino Luis de Francisco Martínez**, alcalde de Cortegada e presidente da Fundación Balneario de Cortegada

18:15 horas
Descanso

18:30 horas
*O Balneario de Lugo, un proxecto de recuperación e posta en valor dun complexo asentado nas termas romanas de Lucus Augusti*
**Mario Crecente**, arquitecto, Crecente Asociados, Estudio

19:00 horas
Debate
*O patrimonio da auga como recurso de futuro*

20:00 horas
Visita guiada á arquitectura relacionada cos espazos termais de Mondariz-Balneario: Xardín do Gran Hotel e Fonte de Troncoso
**Alberte Reboreda**

**Organiza**
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

**Colabora**
Concello de Mondariz-Balneario

**Coordina**
Rebeca Blanco Rotea

**Lugar**
Sala de Cultura do Concello de Mondariz Balneario
Andar o do propio edificio do Concello
Rúa Constitución, nº 1
Mondariz-Balneario

**Inscrición**
Actividade presencial.
Non é necesaria inscrición previa. A asistencia é libre e gratuíta ata completar a capacidade da sala.
As persoas interesadas poden reservar a súa praza remitindo un correo a mondarizbalneario.rbgalicia@eidolocal.es
Para que a súa reserva sexa efectiva, deberá recibir un correo de confirmación.

**Máis información**
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Os contidos serán gravados e estarán dispoñibles con posterioridade á xornada en www.consellodacultura.gal

**Organiza:** Consello da Cultura Galega

Colabora: Concello de Mondariz Balneario